



INSTRUCCIÓN POLA QUE SE MODIFICA A CIRCULAR 6/2013 DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLA QUE SE DITAN INSTRUCCIONES PARA A IMPLANTACIÓN DO CUARTO CURSO DAS ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA.

A Orde do 30 de setembro de 2010 pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de música na Comunidade Autónoma de Galicia, regula aspectos xerais do Traballo Fin de Estudos (TFE) que debe desenvolver o alumnado ao remate do cuarto curso destas ensinanzas.

A Circular 6/2013 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa desenvolve diversos aspectos referidos á implantación do cuarto curso das ensinanzas superiores de música.

No actual curso académico 2013-14 estase a implantar o cuarto curso destas ensinanzas. Ao remate deste ano académico, o alumnado matriculado nestas ensinanzas debe desenvolver un Traballo Fin de Estudos (TFE), consistente nun proxecto relacionado cos ámbitos de coñecemento abordados ao longo dos seus estudos. Dito TFE ten características diferenciadas segundo as distintas especialidades e o perfil profesional de cada unha delas.

En consecuencia, e co obxecto de facilitar ao alumnado a planificación da presentación do seu TFE, procede modificar determinados extremos da citada Circular 6/2013 dando unha nova redacción aos puntos 2.2.1., parágrafos segundo, terceiro, cuarto, quinto e sexto.

2.2.1 parágrafo segundo, liñas 5 a 7:

“.... Como parte integrante do TFE, presentarase unha memoria xustificativa do traballo realizado, que deberá conter un resumo da mesma nun idioma estranxeiro”.

2.2.1 parágrafo terceiro, liñas 10 e 11:

“... Dito traballo deberá conter un resumo da mesma nun idioma estranxeiro”.

2.2.1 parágrafo cuarto, liñas 7 e 8:

“... Dito traballo deberá conter un resumo da misma nun idioma estranxeiro”.

2.2.1 parágrafo quinto, liñas 11 e 12:

“... Dito traballo deberá conter un resumo da misma nun idioma estranxeiro”.

2.2.1 parágrafo 6º:

“A matrícula correspondente ao TFE formalizarase xunto coa matrícula ordinaria das materias correspondentes ao cuarto curso, cando se trate de matrícula de curso completo, estando a súa presentación pública condicionada á superación de todas as disciplinas que integran o plan de estudos da especialidade que curse o/a alumno/a. A presentación pública do TFE celebrarase durante un período de tempo non superior a oito meses contados desde a finalización do período de exames no que o/a alumno/a supere as disciplinas necesarias. O alumnado que non supere dito TFE disporá dunha segunda convocatoria que deberá ter lugar dentro dun período máximo de oito meses contados desde a convocatoria non superada. Co fin de non interferir no correcto desenvolvemento das actividades do conservatorio, o centro proporá un calendario para o efecto.

Así mesmo, corríxese o seguinte erro advertido no punto 2.2.1, parágrafo 10º da devandita circular: onde di “expresada en termos numéricos con dous decimais” debe dicir “expresada en termos numéricos cun decimal”.

O que lle comunico para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2014

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

